

# O “CAMARADA FRAGA” E AS VÍTIMAS DA REPRESIÓN FRANQUISTA



Fraga co ditador Franco - Foto axencia EFE.



**Comisión pola Recuperación  
da Memoria Histórica da Coruña**

[www.memoriadacoruna.com](http://www.memoriadacoruna.com)

## A XUSTIZA ARXENTINA INVESTIGA OS CRIMES DO FRANQUISMO

A xuíza federal arxentina María Romilda Servini de Cubría enviaba o 13 de decembro de 2011 un exhorto ao Goberno español, a través do *Ministerio de Relaciones Exteriores y Derechos Humanos de Arxentina*, solicitando información sobre os nomes e últimos domicilios dos membros dos Consellos de Ministros dos gobernos do Estado español e dos membros das Forzas Armadas, Guarda Civil, Policía Armada, directores de Seguridade e dirixentes de Falanxe no período xullo de 1936-xuño 1977. Solicitaba tamén unha relación de persoas asasinadas, desaparecidas e torturadas e de nenos roubados ás súas familias. Finalmente, requería información sobre as fosas comúns encontradas, os corpos dos desaparecidos identificados e as empresas beneficiadas do traballo escravo dos presos republicanos.

Esta petición de información forma parte da causa aberta por esta xuíza para investigar os crimes da ditadura franquista, que se inicia o 14 de abril de 2010 cando seis persoas presentaban a primeira demanda en Arxentina. Entre eles estaba Darío Rivas, de 91 anos, residente nese país desde que tiña 9 anos; é fillo de Severino Rivas Barja, alcalde de Castro de Rei (Lugo) en xullo de 1936, que foi asasinado por falanxistas en Portomarín o 28 de outubro de 1936. Tamén participaba nesta petición Silvia Carretero, viúva de Luis Sánchez Bravo, un dos últimos asasinados polo franquismo en 1975.

O caso de Darío Rivas é un exemplo de perseverancia porque non parou até conseguir en agosto de 2005 a exhumación dos restos do seu pai, que estaba enterrado nunha fosa común, xunto a un combatente da guerrilla.

Nun principio a xuíza Servini arquivara as actuacións, de acordo cun ditame da Fiscalía arxentina porque consideraba que eses crimes son investigados pola xustiza española. Posteriormente a Cámara Federal declaraba nula en setembro de 2010 a decisión da maxistrada e desestimaba tamén a petición do Estado español para que os crimees do franquismo fosen investigados só no seu territorio. A xuíza tiña vía libre para reanudar a investigación.

Resulta sorprendente a actitude dos Gobernos que facilitaron na década dos 90 as actuacións do xuíz Garzón para iniciar causas contra os crimes cometidos polas ditaduras de Arxentina e Chile, baixo o principio de xustiza universal, e que hoxe poñen todo tipo de obstáculos para que se desenvolva esa mesma investigación sobre os crimes do franquismo. Lembremos que a investigación de Garzón permitiu que os crimes deses réximes militares fosen xulgados neses países sudamericanos.

Aínda resulta máis sorprendente que Miguel Bernard, secretario xeral de *Manos Limpas*, asociación franquista que presentou a denuncia contra o xuíz Garzón, recibise da filla do ditador Franco a distinción de Caballero de Honor da Fundación Francisco Franco; distinción que recibira anteriormente José Utrera Molina, ministro de Franco e sogro de Alberto Ruiz Gallardón, ministro de Xustiza na actualidade.

Os pasos dados por Arxentina nos últimos anos son motivo de esperanza. En abril de 2011 o Código Penal consideraba como crimes de Estado a desaparición forzada de persoas. Por outra parte, o Goberno formalizou e institucionalizou a búsqueda e identificación das persoas desaparecidas a través de convenios firmados con asociacións como o Equipo Argentino de Antropología Forense (EAAF). Como resultado desta política foron identificados en 2009 os restos dos españois Manuel Coley Robles e Urbano López, asasinados en centros clandestinos de detención. A colaboración entre os ministerios de Xustiza de España e Arxentina permitiu en 2008 recoller 50 mostras de sangue de españois que consideraban que poderían ter familiares ente os desaparecidos na ditadura de Videla.

En 2003 derrogábanse en Arxentina as leis de amnistía, facilitando un proceso de reparación ás vítimas da ditadura e que fosen procesadas 843 persoas pola súa participación na represión. É un exemplo para o Estado español que saber hoxe en Arxentina o que pasou cos desaparecidos sexa asumido con normalidade e como un elemento fundamental na transición á democracia e para a consolidación desta.

Neste proceso de reparación, búsqueda da verdade e xustiza para as vítimas, o Presidente da CRMH, Fernando Souto, enviaba a seguinte carta en xaneiro de 2012:

«Sr. Dna. María Servini de Cubría, Xuíza Federal de Arxentina»

Prezada amiga:

A Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña (CRMH) quere agradecerlle, en primeiro lugar, o traballo que está a desenvolver na causa que investiga os crimes do franquismo en España, iniciada a instancia dun grupo de familiares de vítimas, baixo o principio de xustiza universal polo que se poden investigar crimes de lesa humanidade ocorridos en terceiros países.

Vostede debe saber que o Goberno de España non está investigando eses crimes contra a humanidade. A xustiza arxentina é a única esperanza que nos queda para coñecer a verdade e que se faga xustiza. Como vostede xa coñece, o xuíz da Audiencia Nacional Española, Baltasar Garzón, foi apartado das súas funcións cando pretendía investigar eses crimes, a instancia de numerosas asociacións da memoria histórica. Ademais, por se isto fose pouco, organizacións relacionadas co franquismo presentaron outras denuncias, acusando ao xuíz Garzón de prevaricación.

A chamada Transición -paso da ditadura á democracia- que asinaron os principais partidos do Estado español, foi tamén un pacto de silencio que levou ao esquecemento de centos de miles de vítimas do peor dos terrorismos, do terrorismo de Estado.

A Lei de Amnistía, demandada por todas as forzas democráticas cando acabamos con corenta anos de ditadura, foi interpretada como unha Lei de punto final para non levar ante os tribunais aos responsábeis de crimes contra a humanidade, que non prescriben.

Queremos responder a súa petición de envío de información sobre os ministros da ditadura de Franco desde o 17 de xullo de 1936 até o 15 de xuño de 1977, que se celebran as primeiras eleccións democráticas.

Adxuntamos información sobre o ministro Manuel Fraga Iribarne (ten una residencia na localidade de Perbes, do concello de Miño, na provincia da Coruña) e as actividades que está a desenvolver a CRMH para que se lle retire a distinción honorífica de “Fillo Adoptivo” da Coruña.

Non se trata de vulgar agora a traxectoria persoal dalgúns deses ministros, desde a conquista da democracia ata hoxe; estamos a analizar o seu papel como membros activos do réxime de Franco e participantes nun órgano colexiado, como o Consello de Ministros da Ditadura, que aplicaba unha política de “graves violacións dos dereitos humanos”, como sinala a Lei da Memoria Histórica.

### **ALGÚNS DATOS BIOGRÁFICOS DO “CAMARADA FRAGA”**

Isto dicía o Decreto 154/1961, de 2 de febreiro: “A propuesta del Ministro Secretario General del Movimiento, cesa el camarada Manuel Fraga Iribarne en el cargo de Delegado Nacional de Asociaciones de Falange Española Tradicionalista y de las JONS, agradeciéndole los servicios prestados” (Firmado por Francisco Franco e publicado no BOE de 9 de febreiro de 1961). Este cargo non figura na súa biografía oficial.

Manuel Fraga Iribarne recibe en 1968 o título honorífico de “Fillo Adoptivo” da Coruña cando a represión era brutal, xa que un mes despois o Consello de Ministros declaraba o Estado de Excepción.

Afilíouse moi novo á Falanxe, iniciando unha carreira política que o levaría en 1951 ao cargo de secretario xeral do Instituto de Cultura Hispánica (1951); secretario xeral do Consello Nacional de Educación (1953); secretario xeral técnico do Ministerio de Educación (1955-1958); secretario da Comisión de Asuntos Exteriores da Cortes (1958-1962); director do Instituto de Estudos Políticos (1961). Foi conselleiro nacional do Movemento (o partido único), procurador das Cortes franquistas e membro do Consello de Estado.

### **FRAGA ESTABA NO CONSELLO DE MINISTROS, PARTICIPANDO NA REPRESIÓN**

10-7-1962. Manuel Fraga entra no Goberno da Ditadura, un mes despois da reunión en Munich de 118 delegados, de todas as tendencias políticas opositoras ao franquismo, convocados polo IV Congreso do Movemento Europeo. Este Congreso solicitaba á Comunidade Económica Europea (CEE) que esixise democracia en España antes do ingreso no organismo europeo. Os asistentes a esta reunión –cualificada pola propaganda oficial como “Contubernio de Munich”– sofren a represión. Fraga, xa como ministro, apoiaba as medidas represivas e presumía ante a prensa de que co exilio e confinamento en diferentes illas de Canarias, os participantes neste Congreso “se podrán librar de las justas iras del pueblo español”

1-4-1963. Creación do Tribunal de Orde Público (TOP), ferramenta para a represión dos demócratas e privación das liberdades, que fai as funcións do Tribunal Especial para a Represión da Masonería e o Comunismo.

20-4-1963. É fusilado o dirixente comunista Julián Grimau.

17-8-1963. Executados a garrote vil os anarquistas Francisco Granado e Joaquín Delgado.

Outubro-1963. Enfrontamento entre Fraga e 103 intelectuais, encabezados por José Bergamín, que asinaban un escrito denunciando as torturas e abusos cometidos polas forzas represivas contra as folgas da minería asturiana. En carta aberta (a dos intelectuais non foi publicada), Fraga xustificaba a represión e o corte de pelo ao cero de mulleres, e contestaba así a Bergamín: “Parece por otra parte posible que se cometiese la arbitrariedad de cortar el pelo a Constantina Pérez y Anita Blaña, aunque las sistemáticas provocaciones de estas damas a la fuerza pública la hacian más que explicable”.

1964. Fraga, como ministro de propaganda, dirixe a campaña “25 años de paz”.

Agosto-1965. Son separados das súas cátedras Enrique Tierno Galván, Luis López Aranguren e Agustín García Calvo. Asembleas e manifestacións de estudantes en apoio dos profesores represaliados.

Marzo 1965. O abade de Montserrat, Aureli Maria Escarré é obrigado a exiliarse pola presión do Goberno. Criticara duramente o réxime franquista en *Le Monde*.

18-3-1966. Promúlgase a nova lei de Prensa e Información. Continuarían os expedientes, sancións a xornalistas e peches de medios de comunicación.

9-3-1966. A policía asalta o convento dos Capuchinos de Sarriá (Barcelona), cando se celebraba unha asemblea do Sindicato Democrático Universitario.

30-4-1966. O Goberno pecha a Universidade de Barcelona.

28-6-1966. Detención en Madrid de Marcelino Camacho, dirixente de CCOO.

22-7-1966. Secuestro do periódico *ABC* por un artigo de Luis María Ansón, titulado “La monarquía de todos”.

22-11-1966. Franco presenta nas Cortes o proxecto de Lei Orgánica do Estado.

14-12-1966. Celébrase o referendo para aprobar a citada lei. Fraga consegue o imposible: en moitos colexios electorais os votos do SI superan o censo electoral.

14-3-1967. O Tribunal Supremo declara ilegal a CCOO.

21-4-1967. O Goberno declara o Estado de Excepción en Biscaia.

1-5-1967. Numerosas detencións nas manifestacións do primeiro de maio.

19-8-1967. Detención de 20 sacerdotes vascos.

7-9-1967. O Tribunal de Orde Pública (TOP) condena a Alfonso Carlos Comín por un “delito de opinión”.

28-3-1968. O Goberno pecha por tempo indefinido a Universidade de Madrid.

31-5-1968. Secuestro do diario *Madrid*

3-8-1968. O Goberno declara o Estado de Excepción en Guipúscoa.

Novembro-1968. Sesenta sacerdotes vascos ocupan o seminario de Derio en defensa das liberdades.

17-1-1969. É detido en Madrid o estudante Enrique Ruano Casanova, que morre catro días despois en dependencias policiais.

25-1-1969. O Goberno declara o Estado de Excepción en toda España, que dura até o 25 de marzo. Hai detencións masivas e moitos intelectuais son confinados.

22-7-1969. As Cortes franquistas designan ao príncipe Juan Carlos como sucesor de Franco na xefatura do Estado.

30-10-1969. Fraga sae do Goberno, despois dunha remodelación, provocada polo caso Matesa.

Manuel Fraga regresa ao Consello de Ministros co último Goberno de Carlos Arias Navarro, sendo vicepresidente para Asuntos de Interior e ministro da Gobernación. Durante o seu mandato nese ministerio, de decembro de 1975 a xullo de 1976, a policía asasinaba a cinco traballadores en Vitoria con motivo dunha folga laboral; no tradicional Vía Crucis que organizaban os Carlistas en Montejurra (Navarra), un grupo de fascistas, dirixidos por un comandante do exército, asasinaba a dúas persoas.

Fraga, con 25 anos de servizos á Ditadura franquista, non pasaba por alí, senón que estaba sentado na mesa dun Consello de Ministros e era partícipe e cómplice de toda a política represiva que alí aprobaban: fusilamentos, cárceres, campos de concentración, despedidos, exilio, Tribunal de Orde Público (TOP), graves violacións dos dereitos humanos, expedientes a xornalistas, peche de medios de comunicación, asasinatos de traballadores como en Ferrol en 1972 ou en Vitoria en 1976, sendo Fraga ministro da Gobernación”.

Con estes antecedentes Manuel Fraga Iribarne debería formar parte da causa que segue a xuíza argentina polos crimes do franquismo aínda que, lamentablemente, non poderá comparecer

A CRMH apoia o exhorto que enviou esta xuíza ao Goberno para que informe se está investigando en España a existencia de “un plan sistemático, generalizado, deliberado y planificado para aterrorizar españoles partidarios de la forma representativa de gobierno a través de su eliminación física e da desaparición legalizada de menores de edad con pérdida de su identidad”. Como contribución a esa investigación, a xuíza recibirá un libro, que vai editar a CRMH, cunha reseña biográfica das 600 persoas de dez concellos da comarca da Coruña que foron asasinadas polo franquismo.

## MORRE O “CAMARADA FRAGA”

“Galicia despide a Fraga en el Obradoiro”, así titulaba La Voz de Galicia do 22 de xaneiro de 2012 a crónica do acto de homenaxe a Fraga, organizado polo PP. Todo estaba preparado para ateigar a praza con 50.000 persoas nun acto multitudinario: autobuses gratuitos, todos os medios de comunicación pregoando o evento; presenza da Marinao Rajoy, Feijoo e dirixentes do PP chegados de todo o Estado; pantalla xigante... Pero faltou a cidadanía e as crónicas falaban da participación de 2.000 persoas, incluídos os 300 gaiteiros, que trouxeron as deputacións de Ourense e Pontevedra.

No funeral de despedida na catedral o arcebispo de Santiago, Julián Barrio, dicía que Fraga “nunca ocultou a súa fe; serviu a España con dedicación xenerosa e honradez admirable; defendeu os grandes valores da civilización occidental en Europa”. Cando morre o 15 de xaneiro de 2012, case todos medios de comunicación difundían unha loubanza xeneralizada á traxectoria política de Manuel Fraga, incluso subliñando o seu galeguismo.

O libro de Aurora García González, *Historia de La Empresa de La Voz de Galicia (1939-1992)*, recolle información sobre a represión que o ministro Fraga exercía sobre o idioma galego e os medios de comunicación, que desminte a chamada “apertura” da Lei de Prensa e Imprenta (LPI). Desde a súa entrada en vigor en marzo de 1966, da man de Fraga, até 1975 que morre o ditador, foron abertos 1.270 expedientes a distintas publicacións e 405 acabaron en sanción. Só no período de abril de 1968 até abril de 1969, Fraga abriu 201 expedientes administrativos e 118 culminaron en sanción, case sempre en aplicación do artigo 2º da LPI.

Como ministro de Información e Turismo Fraga multaba con 50.000 pesetas ao subdirector de La Voz de Galicia, Francisco Pillado Rivadulla, que exercía de director por ausencia do titular. O “delito” foi a publicación dun artigo de Augusto Assía “Sobre el idioma gallego”, publicado o 26 de xullo de 1968. Cinco meses despois Fraga era nomeado “Fillo Adoptivo” da Coruña pola corporación municipal.

Na súa colaboración habitual de *Carta aberta al director*, dicía o citado artigo: “El idioma gallego es tratado como un estigma que hay que ocultar, y que es inepto para la gente fina. Le ocurre al idioma gallego, no sólo en la Iglesia, sino en la Universidad, en la escuela, en los estrados y en la oficinas públicas, lo que no hace todavía más que 20 años le ocurría a los negros de Estados Unidos, donde no se les dejaba entrar mas que por la escalera de servicio”.

Segundo a resolución do ministerio de Fraga, que recolle Aurora García, o citado artigo contiña “conceptos atentadores a la verdad, el respeto debido a las instituciones, a las exigencias del mantenimiento del orden público actual y al acatamiento al punto IV de la Ley Fundamental de 17 de mayo de 1958, en el que se expresa que la unidad entre todos los hombres y las tierras de España es intangible”.

O ministerio de Fraga prohibía, tamén en 1968, a edición dun calendario impreso na casa de cartonaxes ANMI de Lugo que incluía, entre outros, textos de Otero Pedrayo, Victoria Armesto e Salvador Lorenzana (Francico Fernández del Riego), todos eles colaboradores de La Voz de Galicia.

Fraga perseguíu especialmente a obra de Castelao, prohibindo a difusión de *Sempre en Galiza*. Con Fraga de ministro de Información e Turismo e responsábel da censura, Alberto Míguez foi multado con 50.000 pesetas e condenado polo Tribunal de Orden Público (TOP) a seis meses de cárcere pola publicación en 1965 de *El pensamiento político de Castelao* pola editorial *Ruedo Ibérico*. Todo isto non impediu a Fraga entregar fachendoso os *Premios Castelao*.

La Voz de Galicia acumulaba moitas das sancións de Fraga: multa de 2.500 pesetas pola publicación dunha foto en primeira páxina o 13 de marzo de 1967; motivo da multa: “moral”. Multa de 12.500 pesetas polo artigo “Asamblea general de los estudiantes de la Facultad de Medicina de Santiago”, publicado o 17 de xaneiro de 1968. Multa de 10.000 pesetas polo artigo “Petición estudiantes de Santiago dimisión del Decano”, de 27 de xaneiro de 1968. Multa de 12.500 pesetas polo artigo “Los estudiantes de ciencias piden el cese del Decano”, publicado o 9 de marzo de 1968. Outras dúas multas de 10.000 pesetas cada unha por artigos sobre o mesmo tema publicados o 10 e 12 de marzo de 1968. En todos estes caso alegábase como motivos para a sanción: “orden público”. Despois de coñecer este datos, hai quen segue empeñado en difundir a gran aportación de Fraga á liberdade de prensa e á conquista da democracia.

A autocensura fixo desaparecer dos medios de comunicación as fotos de Manuel Fraga co uniforme fascista do partido único, é dicir, o chamado Movemento Nacional (chaqueta branca, camisa azul e garabata negra), facendo o saúdo fascista co brazo en alto, así como as fotos onde aparece co ditador Franco. Non interesa difundir esas imaxes de Fraga como militante fascista e comprometido coa ditadura porque se saen do guiño oficial, que difunde

a mensaxe dun Fraga que trouxo a democracia e servidor do Estado.

Como contraste, estas son algunhas das opinións á morte de Fraga de xente da cultura, que recolleu Ramón Pedregal Casanova:

### **Alfonso Sastre. Autor y director teatral. Escritor**

Yo recuerdo haber oído decir al filósofo Aranguren que Fraga era el prototipo de una personalidad fascista, y siempre estuve de acuerdo con ese juicio. Fue un ministro colérico al servicio del dictador. Entre sus glorias, que son muchas, yo viví muy de cerca su protección a los torturadores de los mineros y de sus esposas durante las grandes huelgas de Asturias de los años sesenta.

Yo le combatí con todas mis pobres fuerzas y sufrí personalmente los rigores de su censura cuando era ministro de Información, por ejemplo en el caso del drama 'Marat/Sade' de Peter Weiss, cuya versión española se me obligó a firmar con un seudónimo y definitivamente se prohibió.

### **Isaac Rosa. Escritor**

Estamos ante un caso evidente (y asombroso tal vez) de adaptación permanente, de oportunismo político sin que varíe el original: el mismo político de ideología autoritaria y que hizo carrera fulgurante en la dictadura, supo marcar una ligera distancia cuando era obvio que las cosas iban a cambiar; del mismo modo que reformó la derecha española tras fracasar su proyecto inicial de una derecha continuadora del franquismo; así como después dio un paso atrás y abrió la sucesión en su partido al ver que él sería incapaz de llegar al Gobierno; o se recicló en defensor de la autonomía gallega para encontrar su propio espacio de poder caciquil. Pero seguía siendo el mismo Fraga, que nunca renunció ni a sus convicciones, ni a su colaboración con la dictadura (ni a su admiración por el dictador).

Mi generación (nacidos o criados ya en democracia, hijos de la Transición) debe a Fraga el que esta democracia no haya volado más alto. Fraga y otros como él fueron un lastre en la elaboración de la Constitución y en el desarrollo del nuevo régimen político, y actuaron como enlace indestructible entre la dictadura y la democracia.

### **J.M. Caballero Bonald. Escritor.**

Se convirtió en uno de los máximos secuaces de la camarilla de Franco y sus actuaciones represivas propiciaron durante años la falta de libertades y la persecución de disidentes. Fue en puridad un cómplice de algunos de los asesinatos llevados a cabo en la última década del franquismo. Resulta alarmante ese casi generalizado encumbramiento del personaje a la hora de su muerte. Se ha ensalzado su papel conciliador en la Transición y su particular patriotismo. Es cierto que aprovechó cierta deriva de la democracia para seguir presente con absoluta impunidad en la vida política. Pero ¿se arrepintió algún a vez de sus desmanes pasados, reconoció alguna vez su execrable connivencia con el franquismo?

### **Andrés Sorel. Escritor**

Durante su actuación como "gran inquisidor" me anuló como escritor. No es agradable hablar de esto, porque la literatura es algo personal, íntimo y no debe entrar en las razones del mercado. Pero él me redujo al silencio. Solo unos ejemplos: en el año 1963 quedé finalista del premio Biblioteca Breve de Novela que impulsaba Carlos Barral. Este me contrató y pagó la novela que se titulaba "Crónica de un regreso". La censura de Fraga la prohibió; hasta tres intentos hizo Carlos Barral para que se publicara, e incluso Fraga escribió una carta a los escritores que protestaron por aquel hecho, denunciándome por comunista, ateo, perverso sexual, antimilitarista, etc. Después prohibiría mi segunda novela 'Como la enfermedad, como la muerte', que iba a publicar la editorial Ciencia Nueva, editorial que fue cerrada por él mismo. Secuestró mi libro 'Introducción a Cuba'. Hasta seis libros llegué a tener censurados. Debí esperar a que muriera Franco para empezar a publicar. Y no hablo de artículos, conferencias, detenciones...

Para mí, Fraga fue simplemente eso: la continuidad del "gran inquisidor" *dostoiévskiano* pero menos dialogante o novelesco. Personaje siniestro en suma que se murió demasiado tarde.

### **Carlos Álvarez. Poeta**

Fraga ha sido, creo yo, el primer exponente de la impunidad jurídica del franquismo. Es incomprensible que nunca haya cambiado su coche oficial por un coche celular, lo que lamento. Es incomprensible que haya podido ser presidente de Galicia. ¿Es imaginable un Goebbels como, por ejemplo, presidente de Baviera?

Prohibió inicialmente la publicación de mi obra poética. José Batlló intentó publicar una supuesta `Antología Posible´ que resultó imposible. Poseo sendos documentos de 1966 y 1967 donde, en el primero, se prohíbe; en el segundo, se desaconseja. Mi primer libro publicado en España, `Estos que ahora son poemas´, lo fue en 1970. Después, sin permiso ministerial, se publicó `Tiempo de siega´.

Cuando, estando yo en la cárcel por haber escrito una carta pública en defensa de Julián Grimau, se me concedió en Dinamarca el Premio Lovemanken por `Escrito en las paredes´, que había sido finalista del Premio Antonio Machado en París, tras `Grado elemental´ de Ángel González, respondió a preguntas de periodistas daneses que yo era un poeta muy malo, y cuando quisieron saber si había leído algo mío les contestó que no, pero que se lo habían dicho.

### **Carlos Tena. Periodista**

Manuel Fraga fue un político verdaderamente enamorado de la dictadura franquista y sus leyes. Intolerante, presuntuoso, censor, autoritario, inculto, tozudo como una mula, ultraderechista, religioso en el peor sentido del término y, en suma, un espécimen digno de figurar en el zoológico dedicado a los personajes más despreciables de cuantos pasaron por los gobiernos del general asesino. Estaba satisfecho con esta "democracia" y no es de extrañar.

Como funcionario de RTVE durante muchos años, fui testigo de las medidas que desarrolló en sus tiempos de ministro de Información y Turismo (1962-1969), tan "liberalizadoras" como vetar y denunciar a cantantes y periodistas, prohibir canciones y portadas de discos, suspender programas de radio y TV, someter al ostracismo a profesionales, nombrar para altos cargos a falangistas y franquistas fieles al régimen.

### **Sergio Gálvez. Historiador**

Fraga es y será el símbolo, por antonomasia, del modelo español de impunidad. Fraga fue parte activa y protagonista de asesinatos de Estado, no muy lejos de lo que podría considerarse como crímenes contra la humanidad. En términos históricos, puede y debe calificarse de verdugo ejecutor y represor. Aquella sería su profesión durante largas décadas. Nunca se arrepintió de su paso por los despachos y cloacas del régimen. Al contrario, se sintió siempre orgulloso al mismo tiempo que combatió, con ahínco, cualquier atisbo de recuperar nuestra memoria democrática.

### **Antonio Ferres. Escritor**

Fraga fue un niño de la guerra, pues tenía solamente 13 años cuando se produjo la sublevación militar... Y fue un joven, muy joven franquista, que crece, ama y respeta a Franco... Hay muchas intervenciones de Fraga en las que habla con admiración del Generalísimo, y afirma que estaban del lado de Franco las personas honradas... Toda la vida política de Fraga podría resumirse como un deseo de hacer perdurable el franquismo... con y sin Franco... Estudiar la trayectoria de Fraga es como estudiar la trayectoria del fascismo en España... Si yo me viera obligado a escribir una biografía de Fraga, no dudaría en titularla 'EL HEREDERO'...

(Crónica Popular, 23-1-2012)

Dentro dese ambiente de autocensura nos medios de comunicación, hubo algunas honrosas excepciones. Después da norte de Fraga, Ignacio Escolar escribía sobre "El respeto a los muertos":

Pedro María Martínez, 27 años. Francisco Aznar, 17 años. Romual Barroso, 19 años. José Castillo, 32 años. Bienvenido Pereda, 30 años. Murieron en Vitoria, cuando la policía disolvió a tiros una asamblea de trabajadores en huelga que se celebraba en una iglesia. Fraga era ministro de Gobernación, el máximo responsable político de la policía que abrió fuego. La calle era suya, de palabra y de facto. Ninguno de estos crímenes fue jamás juzgado.

Enrique Ruano, 21 años. Fue un estudiante de derecho asesinado en 1969 por la Brigada Político Social, la policía política de la dictadura. ¿Su delito? Repartir pasquines antifranquistas. Según la versión del régimen, Ruano se suicidó lanzándose por una ventana. Según quedó claro hace unos años, ; de su cadáver se serró el hueso de la clavícula para esconder el agujero de una bala. Fue Fraga, ministro de Información, quien una . Fue también el mismo Fraga quien llamó al padre de Ruano para recordarle que tenía otra hija, para amenazarle, para decirle que se callara.

Julián Grimau, 52 años. Fue un líder comunista fusilado en 1963, después de varios días de torturas –según la versión oficial, también se había lanzado por la ventana–. Fraga participó en el Consejo de Ministros que condenó a "ese caballerete", como lo desprecia en rueda de prensa el entonces ministro de la propaganda de

Franco, que hizo todo lo posible para impedir el indulto que pedían otros políticos de la dictadura.

Manuel Fraga Iribarne, 89 años. Murió este domingo en la cama. Además de estas sombras, Fraga también tuvo sus luces, como habrán oído o leído ya en un sinfín de obituarios que suelen olvidar estos otros nombres, estos otros muertos que también conviene recordar.

Descanse (descansen) en paz. (Público, 17-1-2012). (*Público*, 17-1-2012)

## **ALGUNHAS VÍTIMAS DA REPRESIÓN FRANQUISTA**

*Recuérdalo tú y recuérdalo a otros* (Luis Cernuda)

Esta é unha lista de vítimas do franquismo entre 1969 e 1981 -moitas delas producidas despois da morte do ditador Franco e tamén despois das primeiras eleccións democráticas de 1977-, que tamén merecen, polo menos, un respecto. É unha relación moi reducida (non inclúe numerosos mortos producidos por atentados do Batallón Vasco Español, Triple A, GAL, grupos de ultradereita e fascistas, etc, nin os producidos en controis policiais ou asasinados de guerrilleiros), con datos recollidos de numerosos informes e libros sobre a represión:

29-10-1969. Josu Murueta e Antonio Fernández, morren polos disparos das Forzas de Orden Público (FOP) nunha manifestación de protesta ecolóxica contra a contaminación atmosférica en Erandio.

14-3-1970. Javier Escalada falece nun hospital de Iruña (Pamplona) a consecuencia das feridas despois da súa detención nunha manifestación de estudantes contra a nova Lei de Educación, e pasar por comisaría.

21-7-1970. Antonio Huertas Remigio, Cristobal Ibáñez Encinas e Manuel Sánchez Mesa, obreiros da construción, son asasinados en Granada nunha manifestación por disparos da policía.

4-12-1970. Roberto Pérez Jaúregui, obreiro metalúrxico de 21 anos, militante do PCE (i) morre en Eibar polos disparos da policía nunha manifestación de protesta contra o "Xuízo de Burgos".

13-9-1971. Pedro Patiño morre por disparos da Garda Civil cando repartía octavillas convocando unha folga da construción.

18-10-1971. Antonio Ruiz Villaba morre polos disparos da policía contra os traballadores durante a folga de SEAT.

10-3-1972. Amador Rey e Daniel Niebla, obreiros da Bazán de Ferrol, son asasinados polas FOP nunha manifestación reivindicativa do convenio. Houbo decenas de feridos de bala.

8-4-1973. Manuel Fernández Márquez, militante do PSUC e CCOO morre cando a Garda Civil ametralla unha manifestación de 2.000 obreiros na porta da central térmica de Sant Adriá de Besós.

17-9-1973. Cipriano Martos, obreiro da construción de 23 anos e militante do PCE (M-L) é asasinado en Reus pola Garda Civil mediante tortura, despois de ser obrigado a beber o contido dun coctel molotov.

24-10-1973. Victoriano Diego Gómez, obreiro afiliado a Oposición Sindical Obrera (OSO), é asasinado pola policía cando repartía octavillas na fábrica de CASA en Madrid.

20-12-1973. Pedro Barrios, de 19 anos, é confundido en Madrid cun activista de ETA e morre quince días despois a consecuencia dos disparos da policía.

2-3-1974. Salvador Puig Antich, anarquista de 25 anos, é asesinado a garrote vil no cárcere Modelo de Barcelona.

1-8-1974. Miguel Roldán Zafra morre en Carmona (Sevilla) a consecuencia dos tiros da Garda Civil contra unha manifestación de vecinos que pedían auga.

20-1-1975. Víctor Manuel Pérez Elexpe, mozo de 24 anos e militante do Partido dos Traballadores de España (PTE), asasinado en Portugalete polos disparos dun Garda Civil cando repartía octavillas de apoio á folga xeral de Navarra en solidariedade cos traballadores de Potasas de Navarra.

1-5-1975. Manuel Montenegro, traballador de 48 anos, morre cando a Garda Civil dispara contra unha manifestación de traballadores na planta de Fenosa en Teis (Vigo).

12-8-1975. Moncho Reboiras, militante da UPG, é asasinado pola policía en Ferrol.

31-8-1975. Jesús García Ripalda, mozo de 23 anos e militante do Movemento Comunista de Euskadi (EMK), é asasinado polos disparos dun sarxento da Policía Armada cando levaba unha pancarta en solidariedade con Txiki e Otaegi.

27-9-1975. Jon Paredes "Txiki", Ángel Otaegi, militantes de ETA; José Humberto Baena, Ramón García Sanz e José Luis Sánchez Bravo, militantes do Frente Revolucionario Antifascista e Patriótico (FRAP), son fusilados despois dun xuízo-farsa sumarísimo.

31-10-1975. Antonio González Ramos, militante do Partido de Unificación Comunista de Canarias (PUCC), morre



en Santa Cruz de Tenerife despois das torturas en comisaría dun inspector de policía.

24-2-1976. Teófilo del Valle morre por disparos da policía durante unha manifestación de apoio aos traballadores do calzado en Elda (Alicante)

3-3-1976. Romualdo Barroso, Francisco Aznar, Pedro Martínez Ocio, José Castillo e Bienvenido Pereda, traballadores asasinados por disparos da policía en Gazteiz (Vitoria), cando saían dunha asemblea nunha igrexa. Houbo centos de feridos.

5-3-1976. Juan Gabriel Rodrigo, de 19 anos, morre en Tarragona cando cae desde unha azotea, despois de fuxir da policía durante unha manifestación de protesta polos asasinatos de obreiros en Vitoria ("Vitoria hermanos, nosotros no olvidamos").

6-4-1976. Oriol Solé Sugranyes, anarquista de 28 anos do Movemento Ibérico de Liberación (MIL) é asasinado a tiros pola Garda Civil en Burguete (Navarra) cando tentaba chegar a Francia despois da fuxida do cárcere de Segovia.

9-5-1976. Ricardo García Pellejero e Aniano Jiménez Santos, carlistas, son asasinados por fascistas en Montejuorra.

12-6-1976. Alberto Soliño, veciño de Pasaia, morre en Eibar por disparos da Garda Civil, cando saía do III Certame da Canción Vasca.

9-7-1976. María Norma Mentxaka Gonzalo "Normi", é asasinada en Santurtzi por elementos fascistas que dispararon contra os participantes nunha manifestación pro-amnistía.

14-8-1976. Javier Verdejo Lucas, estudante de 19 anos e militante da Joven Guardia Roja, é asasinado pola Garda Civil en Praia de San Miguel de Almería cando realizaba unha pintada coa consigna "Pan, Trabajo y Libertad"

8-9-1976. Josu Zabala morre por disparos da Garda Civil nunha manifestación pro amnistía nas festas de Hondarribia.

22-9-1976. Bartolomé García Lorenzo, estudante de 21 anos e militante do Movemento pola Autodeterminación e Independencia do Arquipélago Canario (MPAIAC) morre por disparos da policía, que asaltaron a súa casa en Santa Cruz de Tenerife.

27-9-1976. Carlos González Martínez, estudante de 21 anos, é asasinado en Madrid por un grupo de fascistas nunha manifestación convocada pola Coordinadora pro Amnistía para lembrar os fusilados do ano anterior.

28-11-1976. Santiago Novas, de 21 anos, e José Javier Nuin, de 18 anos, morren (o primeiro no acto e o segundo quince días despois) a consecuencia dos disparos dun garda civil de paisano en Santesteban (Navarra).

15-12-1976. Ángel Almazán Luna é apaleado pola policía nunha manifestación a favor da abstención no referéndum da Ley para a Reforma Política. Morre cinco días despois.

7-1-1977. José Vicente Casabany, traballador de Aisina, morre en Chirivella (Valencia) a consecuencia dun ataque cardíaco, despois de participar nunha manifestación de traballadores reprimida pola policía.

9-1-1977. Juan Manuel Iglesias, de 15 anos, morre en Sestao por insuficiencia cardio-vascular, cando fuxía dunha carga policial contra unha manifestación pro amnistía.

23-1-1977. Arturo Ruiz García, de 19 anos, estudante e traballador da construción, é asasinado en Madrid polo grupo ultradereita Alianza Apostólica Anticomunista (Triple A), que disparan contra unha manifestación pro amnistía.

24-1-1977. Francisco Javier Sauquillo, Luis Javier Benavides, Serafín Holgado, Enrique Valdevira e Ángel Rodríguez, que traballaban no despacho de avogados laboristas de Atocha (Madrid) de CCOO, son asasinados por un grupo de pistoleiros fascistas.

24-1-1977. María Luz Nájera, estudante de 21 anos, morre en Madrid alcanzada por un bote de fume da policía nunha manifestación de protesta pola morte de Arturo Ruiz.

24-2-1977. Francisco Egea, traballador da construción, morre polos disparos da policía en Cartaxena (Murcia) nunha manifestación conxunta de obreiros da construción e do metal.

13-3-1977. José Luis Aristizabal Lasa, de 20 anos, morre en Donostia por disparo dunha bala de goma pola policía nunha manifestación pro amnistía.

20-3-1977. Ángel Valentín Pérez, obreiro da construción de 24 anos, morre en Barcelona despois das navallas que recibe dun dun grupo de ultradereita durante unha manifestación.

30-3-1977. Isidro Susperregi Aldako, militante de Acción Nacionalista Vasca (ANV), de 68 anos, morre en Donostia a consecuencia dun pelotazo de goma da policía recibido dos semanas antes nunha manifestación.

12-5-1977. Rafael Gómez Jauregui, de 68 anos, morre por disparos das Forzas de Orde Pública (FOP) en Rentería, na semana pro amnistía.

13-5-1977. José Luis Cano Pérez, de 28 anos, morre en Pamplona por disparo dun cabo da policía nunha manifestación pro amnistía.

14-5-1977. Manuel Fuentes Mesa, afiliado a CCOO, morre en Ortuella (Bizkaia) por disparos da Garda Civil cando saía de cear nun restaurante cun grupo de amigos.

14-5-1977. Luis Santamaría Mikelena, de 72 anos, morre en Pamplona de infarto a consecuencia do shock sufrido cando estaba no balcón da súa casa, que recibiu varios impactos de bala.

15-5-1977. Francisco Javier Fernández Núñez, de 38 anos, é obxecto dunha paliza da policía. Cando dous días despois presenta unha denuncia no xulgado é retido por un grupo de "incontrolados" que lle obrigan a inxerir unha botella de coñac e outra de aceite de ricino, falecendo varios días despois por unha forte afección de cirrose hepática.

24-5-1977. Gregorio Maritxalar Ayestaran, de 72 anos, morre en Rentería a consecuencia dunha bala da policía cando estaba no balcón da súa casa e a policía reprimía unha manifestación pro amnistía.

16-9-1977. Gustavo Frecher morre en Barcelona despois de que cinco días antes unha bala de goma da policía destrozase a súa cabeza nunha manifestación para celebrar a Diada Nacional de Cataluña.

20-9-1977. Juan Peñalver Sandoval, morre en Barcelona despois da explosión dunha bomba colocada por elementos fascistas na redacción da revista satírica "El Papus".

30-9-1978. Antonio Carrión, mecánico de 42 anos, aparece calcinado en Navalcarnero (Madrid). O autor do asesinato foi o ultradereitista José Luis Magaña López.

4-12-1977. Manuel José García Caparrós, afiliado a CCOO e militante do PCE, morre en Málaga por disparos da policía nunha manifestación a favor da autonomía andaluza.

13-12-1977. Javier Fernández Quesada, estudante de 22 anos, morre na universidade de La Laguna polos disparos da policía nunha manifestación de apoio a unha convocatoria de folga xeral.

4-1-1978. Francisco Rodríguez Ledesma, albanel de 56 anos e afiliado a CCOO, morreu como consecuencia das graves feridas provocadas polos disparos da policía que disolvía o 8 de xullo de 1977 unha concentración en Sevilla de protesta contra o expediente de regulación de emprego da empresa textil Hytasa. O gobernador explicou que a policía só fixo "disparos ao aire".

14-3-1978. Agustín Rueda, preso anarquista, asasinado no cárcere de Carabanchel, despois das torturas e interrogatorios sobre un túnel descuberto nesa prisión.

21-4-1978. Elvira Pracero Rodríguez, de 22 anos, morre a consecuencia dun derrame cerebral, provocado polos golpes que recibiu da policía nunha manifestación en Vigo de traballadores de Ascón.

5-5-1978. José Luis Escribano, afiliado a CCOO, morre nun bar de Soria por catro disparos dun policía nunha discusión política.

8-7-1978. Germán Rodríguez morre en Iruñea (Pamplona) a consecuencia dos disparos da policía nas festas dos Sanfermines. Horas antes na praza de touros despregouse unha pancarta reivindicativa "Amnistía total".

11-7-1978. Joseba Barandiaran morre en Donostia por disparo da policía nunha manifestación de protesta pola morte de Germán Rodríguez.

11-9-1978. Gustavo Muñoz de Bustillo, de 17 anos, morre polos disparos da policía nunha manifestación con motivo da Diada Nacional de Cataluña.

27-9-1978. Manuel Medina Ayala, militante do PCE, morre en Sevilla polas navalladas dun grupo ultradereitista nun acto de solidariedade co pobo chileno.

30-10-1978. Andrés Fraguas Fernández, de 19 anos, conserxe do xornal El País, morre cando fai explosión un paquete bomba na portería, colocado por un comando ultradereitista.

20-4-1979. Juan Carlos Delgado de Coes, do PCE (r) morre en Madrid por disparos de policía da Brigada Central de Información á saída do metro de Lavapiés.

4-3-1979. Ursino Gallego, de 14 anos, morre en Parla (Madrid) polo impacto dunha bala de goma que dispara a policía nunha manifestación veciñal convocada baixo o lema "Queremos agua".

29-4-1979. Andrés García, estudante e membro das Juventudes Comunistas, morre a consecuencia das navalladas de fascistas do Frente de la Juventud, escisión de Fuerza Nueva.

3-6-1979. Gladys del Estal Ferreño, ecoloxista donostiarra de 23 anos, morreu polo tiro na cabeza dun Garda Civil nunha sentada celebrada en Tudela (Navarra) na Xornada Internacional contra a Enerxía Nuclear. Por este asasinato o Garda Civil foi condenado a ano e medio de cárcere "por imprudencia", que non chegou a cumprir integralmente.

25-6-1979. Valentín González, militante da CNT de 20 anos, morre en Valencia polo impacto dunha bala de goma no peito, disparada pola policía, a curta distancia, na folga do Mercado de Abastos.

29-6-1979. Teodora Sánchez, de 78 anos, morre en Rentería, atropellada por un coche policial, que circulaba a gran velocidade en dirección prohibida para reprimir unha manifestación.

15-7-1979. Salomé Alonso, de 28 anos, morre no barrio madrileño de Malasaña pola explosión dunha bomba colocada por un grupo ultradereitista nun bar

31-8-1979. José Prudencio García, de 44 anos, é asasinado en Arganda del Rey (Madrid) por un grupo de ultradereitistas de Fuerza Nueva.

1-9-1979. Ignacio Quijera, de 18 anos, morre por disparos da policía nunha manifestación en Donostia (San Sebastián) pro refuxiados vascos,

13-9-1979. José Luis Alcazo, de 25 anos, é asesinado a golpes de bates de beisbol no parque madrileño do Retiro por un grupo de ultradereita.

20-9-1979. Valeriano Martínez Pérez, de 44 anos, morre en Oviedo por disparos da Garda Civil durante un enfrontamento dun piquete de folguistas do transporte coas FOP.

9-12-1979. Manuel Álvarez Blanco, de 69 anos, e Victoria Arranz, de 64 anos, morren na sede de Valladolid do Movemento Comunista (MC) a consecuencia dun incendio provocado por un grupo ultradereitista.

13-12-1979. Emilio Martínez e José Luis Montañés, estudantes, morren por disparos da policía en Madrid na manifestación contra a Lei de Autonomía Universitaria (LAU).

2-2-1980. Yolanda González Martín, estudante de 19 anos, do Partido Socialista dos Traballadores (PST) é asasinada a tiros en Madrid nun atentado reivindicado polo Batallón Vasco Español (BVE).

10-2-1980. Vicente Cuervo Calvo, de 22 anos, asasinado por un pistoleiro fascista en Madrid durante unha protesta contra un acto organizado pola ultradereitista Fuerza Nacional del Trabajo (FNT) no barrio madrileño de Vallecas.

15-4-1980. Jorge Caballero Sánchez, traballador de Agromán e militante da CNT de 21 anos, foi atacado en Madrid con bates de beisbol e machetes por membros de Fuerza Nueva o 28 de marzo, morrendo quince días despois. En 1987 algúns dos fascistas foron xulgados polo xuíz Carlos Entrena (antigo membro do Tribunal de Orde Público franquista) por "desordes públicos" e non por asasinato.

19-4-1980. Felipe Sagma Ormazábal, de 42 anos, zapateiro e simpatizante de Herri Batasuna, é asasinado de dous tiros na cabeza en Hernani polo Batallón Vasco Español.

1-5-1980. Arturo Pajuelo Rubio, traballador de CASA, dirixente da asociación de veciños de Orcasitas e militante do Movemento Comunista (MC), morre en Madrid polas navalladas dun grupo de fascistas, que atacaron ás persoas ao finalizar a manifestación do 1º de Maio.

6-5-1980. Juan Carlos García Pérez morre dun balazo cando unha treintena de ultradereitistas do grupo Primeira Línea de Fuerza Nueva arrasan un bar de Ciudad Lineal de Madrid -ao grito de ¡Viva Cristo Rey!- que era frecuentado por obreiros, despois dunha manifestación de protesta polo asasinato de Arturo Pajuelo.

6-9-1980. José España Vivas, militante do PCE (r) de 25 anos e veciño de Alcalá de Henares, morre no hospital ao día seguinte de ser detido e sufrir tortura na Dirección Xeral de Seguridade en Madrid.

30-11-1980. Juana Caso e José Muñoz son asasinados en Barcelona por Salvador Durán, xefe comarcal de Fuerza Joven que, segundo as declaracións do dirixente fascista, confundiu con membros do Ateneo Libertario de Mataró. As armas do crime foron facilitadas por gardas civís.

30-12-1980. Francisco José Rodríguez López, de 21 anos, morre en Valencia polos disparos do ultradereitista José Palazón Sánchez.

10-5-1981. Juan Mañas, Luis Montero e Luis Manuel Cobo, mozos de Santander, asasinados en Almería cando se desplazaban para asistir a unha celebración familiar. Confundidos con militantes de ETA, foron detidos pola Garda Civil en Roquetas de Mar e torturados ata a morte. Despois do asasinato os tres corpos apareceron calcinados dentro dun coche nun barranco. O ministerio de Interior (Juan José Rosón era o ministro) dixo que os tres mozos ían armados, indocumentados e que perderon a vida nun tiroteo coa Garda Civil cando eran

trasladados a Madrid. Carlos Castillo Quero, tenente coronel da Garda Civil, dirixiu esta operación e despois do luízo acadou o terceiro grao sete anos despois, en 1988, e a liberdade definitiva en 1992.

Despois de máis de trinta e cinco anos de democracia aínda están por investigar a fondo estes crimes. Os asasinados non foron xulgados ou recibiron unhas penas ridículas porque, como sinala Manuel Rivas, hai fascistas nas tripas da xustiza. Aínda máis, os membros das FOP responsábeis destes crimes e os torturadores da Brigada Política Social continuaron coa súa carreira profesional de ascensos; militares que apoiaron o golpe de Estado do 23-F e arremeten públicamente contra a Constitución, como Blas Piñar Gutiérrez, chegan a Xeneral de Brigada. Outros, como Fraga, continuaron a súa carreira política grazas ao pacto de silencio da Transición e a unha Lei de Amnistía de 1977 que se convertiu, realmente, nunha lei de punto final, unha auténtica vergoña para esta democracia porque permite a impunidade para estes crimes contra a humanidade.

A mellor homenaxe que podemos facer hoxe ás vítimas do franquismo e ás futuras xeracións é lembrar as actividades e servizos á ditadura franquista do “camarada Fraga” (así era coñecido entre os fascistas). É tamén a mellor contribución para aprender da historia e que este tipo de crimes non se repitan xamais.

Debemos seguir o camiño que nos marca o poeta Luis Cernuda naquel verso: “Recuérdalo tú y recuérdalo a otros”. A “humanidade” de Fraga quedou patente en numerosas ocasións: así, en 1962, con motivo das folgas mineiras en Asturias, chamou “piojosas” ás mulleres dos obreiros, que foron rapadas no cuartel da Garda Civil, golpeadas, humilladas e paseadas polas rúas de Langreo.

Por outra parte, Fraga sempre recoñeceu os seus servizos á ditadura. Así, no libro de Vázquez Montalbán *Mis almuerzos con gente inquietante* (1984) dicía: “Serví lealmente a Franco. Serví al Estado franquista, que fue menos totalitario de lo que se cree”.

A elección de Fraga como presidente da Xunta foi unha elección do pobo galego, mais tamén unha vergoña para Galiza. Non hai outro caso en todo o Estado español, nin en Europa, donde un ministro dunha ditadura criminal chegue a ocupar cargos de responsabilidade política cando se conquista a democracia. Nunca como até agora dicir a verdade, recuperar a historia ou, simplemente, informar, tivo un carácter tan democrático e revolucionario.



19 noviembre 1968

Fraga facendo o saúdo fascista. Un mes despois era distinguido como «Fillo Adoptivo» da Coruña.

**MANUEL FRAGA, COMO MINISTRO DA DITADURA FRAQUISTA,  
NON MERECE NINGÚN TIPO DE RECOÑECIMENTO SOCIAL**

